

O grupo Biofarma da USC participa nun proxecto de novas dianas contra o cancro

Buscará marcadores epixenéticos coa compañía Oryzon Genomics cun orzamento de 1,5 millóns de euros

Por [GCIencia](#) |

O grupo de investigación da Universidade de Santiago **BioFarma** participa no desenvolvemento de dianas epixenéticas contra o cancro dentro dun proxecto liderado pola compañía Oryzon Genomics. Cun orzamento próximo a 1,5 millóns de euros, o proxecto contará co financiamento de axudas plurianuais do **Ministerio de Economía e Competitividade** coa participación da Unión Europea no marco do programa Retos-Colaboración. Coa meta de ter rematado en decembro de 2017, esta liña de traballo explorará o rol de novos inhibidores dirixidos a **dianas epixenéticas** en indicacións oncolóxicas.

BioFarma (<http://www.usc.es/biofarma/>) está coordinado pola profesora **Mabel Loza** e atópase emprazado no Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (**CIMUS**). Está especializado en investigación aplicada ao descubrimento temperá de fármacos en colaboración coa industria farmacéutica e biotecnolóxica e está considerado un referente internacional neste ámbito.

O proxecto desenvolverase baixo a denominación ‘Descubrimento e combinación de novos tratamentos para o tratamento de cancro baseados na modulación de dianas epixenéticas e receptores de adenosina’ e contará coa colaboración da compañía **Palobiofarma** e o Centro Tecnolóxico **Leitat Technological Center**, ambos os dous emprazados en España.

O papel do grupo da USC **BioFarma** pasa por aplicar a súa experiencia en programas de descubrimento temperá de fármacos, executando actividades de cribado de novos compostos xerados por Oryzon Genomics e Palobiofarma para a avaliación da actividade/selectividade dos novos compostos. Ademais, responsabilizarase da caracterización do ADME (Absorción, Distribución, Metabolismo e Excreción) in vitro, así como de estudar dalgúns compostos sobre **liñas celulares tumorais**.